

# **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA A.C.R.D. O POTE DE MANIÑOS**

No local social e sendo ás 12:38 horas do día 4 de marzo de 2007, reunidos en segunda convocatoria no salón de actos da asociación e baixo a presidencia de Gerardo Pérez Sas, acompañado polos directivos José Tenreiro e Arsenio Iglesias, dá comezo a asamblea xeral ordinaria correspondente ás actividades do ano 2006.

O Sr. Presidente saúda aos socios presentes, en número de 12, dalles as gracias pola súa asistencia e declara aberta a sesión. Posteriormente dá lectura á orde do día, que é a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Resume de actividades.
3. Estado de contas.
4. Elección da nova xunta directiva
5. Rogos e preguntas.

## **1. Aprobación se procede da acta anterior**

O secretario pregunta aos asistentes se aproban a acta anterior sobre a que se recorda que permaneceu exposta no taboleiro de anuncios nos días anteriores á xuntanza. Non habendo ningunha observación por parte dos asistentes, apróbase por maioría.

O socio Xiao Couto aproveita para preguntar a Gerardo pola ausencia do resto de membros da xunta directiva.

Gerardo contesta que:

- José Saavedra esta ausente a causa dunha viaxe ao extranxeiro.
- Francesco Laghezza está enfermo e convalecente dunha operación.
- Mari Cobas tamén está enferma debido a lesións nun brazo.
- Faustino Ramos chegará máis tarde porque a esta hora aínda está na misa.

## 2. Resume das actividades 2006

### 2.1 Resume das actividades culturais

Arsenio Iglesias le o resume das actividades culturais:

#### **XANEIRO**

Día 5: Cabalgata de reis con festa para os nenos en colaboración co Concello cun grupo de animación.

#### **MARZO**

Día 14: Baile do Entroido amenizado pola orquestra "Sprinters".

#### **MAIO**

Do día 15 ao 20 tivo lugar a semana cultural co gallo da celebración das letras galegas adicadas este ano a Manuel Lugris Freire.

- Luns 15:

Ás 18:00 horas tivo lugar a apertura das exposicións de traballos das escolas da sociedade (bolillos, pintura, corte, etc.)

A partir das 20:30 horas tivo lugar a Noite de Poesía coa participación de Josefa Vizoso, Fina Pena, Finita Platas, Carmela Feal, Moncho Pena. Ao remate deste acto actuou a cantautora Marta Díaz.

- Mercores 17, ás 21:00 horas teatro a cargo da compañía de Teruca Bouza da Sociedade Amigos da Paisaxe Galega do Seixo coa obra "Casado de día, solteiro de noite".
- Venres 19, a partir das 21:00 horas, noite de corais coa actuación de:

Coral Polifónica de Santa Icia de Narón

Coral Polifónica da A.C.R.D. O Pote

- Sábado 20 procedeuse á clausura das exposicións.

A partir das 22:30 horas tivo lugar o baile da flor arrufado polo grupo musical Imagen.

## **XUÑO**

Día 23: Tivo lugar a sardiñada de San Xoan.

Día 26: Tivo lugar a sardiñada de San Pedro.

## **AGOSTO**

Entre os días 10 e 20 celebrouse a XVIII Edición do Trofeo Día da Patria Galega de Chave. Resultando gañador o equipo do Pote.

## **SETEMBRO**

A partir do día 11 abrese o prazo de inscricións para as escolas da sociedade.

## **OUTUBRO**

Día 7: actuación do Trío La Habana en colaboración co Concello

Día 8: actuación da Banda Municipal de Melide en colaboración co Concello.

## **NOVEMBRO**

Día 10: tivo lugar o magosto do socio. Degustación de castañas, liscos, pan e viño gratis para todos. O magosto estivo amenizado pola rondalla "Los Trobadores" de Ares.

## **DECEMBRO**

Día 23: organizouse en colaboración co Concello o Festival de Panxoliñas no que actuaron:

Asociación Coral Eterna Xuventude

Rondalla Estremecer

Coral C.P.S. de San Valentin

Coral Polifonica Agarimo

Coral Polifónica da A.C.R.D. O Pote

## 2.2 Resume de actividades deportivas

Arsenio Iglesias le o resume das actividades deportivas:

### **CHAVE**

O equipo de chave participou na liga de 1ª división de Ferrolterra acadando o 6º posto. Tamen participou no campionato "Día da Patria Galega" quedando en primeiro lugar e acadando Roca o trofeo de máximo chapista.

Este ano o equipo non se presentou á liga por falta de xogadores. Gerardo, a este respecto, apunta que os componentes do equipo, despois do trofeo Día da Patria Galega, alá polo mes de outubro aproximadamente, comunicaron que non continuarían. Tratouse de buscar xente nova que seguise co equipo pero finalmente viñeron enriba os prazos de inscrición sen atopar xente e a asociación tivo que quedar sen conxunto de chave. Con todo, estase traballando de cara ao ano que vén poida presentarse un equipo na competición.

### **BALONMÁN**

A clasificación do equipo de balonmán na tempada 05/06 foi 6º na competición de liga e 3º na de copa. Cabe destacar o bo estado da economía despois de un par de anos duros ao rematar o patrocinio de Autopistas e a amplitude do plantel (18 xogadores).

Con todo, para a tempada 06/07 non se logrou xuntar un colectivo o suficientemente numeroso para formar un equipo, pero, sobre todo, faltou unha persoa que fixese resposanbel del a nivel económico e administrativo, motivos polos cales, despois de case 30 anos, o equipo de balonmán viuse avocado á desaparición.

O socio Angel Oliveira pregunta:

A asociación está obrigada a facela Romaría do Potea a falta dunha comisión de festas?

Gerardo contesta que cre sembrar que durante o mandata de Xiao Couto se acordara que si, ao que o propio Xiao Couto, presente na sala, responde dicindo que se trata máis bem dun compromiso moral da directiva, pero que nos estatutos non figura nada ao respecto, polo que se viñese unha directiva nova que non quixese facerse cargo da festa, non incorrería en ningunha falta. Faustino pide a palabra e concorda co dito por Xiao.

O socio Angel Oliveira comenta:

Que se dixo na assemblea do ano pasado que na organización da Romaría non se empregaría o anagrama da asociación nos carteis anunciadores e, porén, si que se fixo

Gerardo contesta da seguinte maneira:

As degustacións de ameixa e mexilón son organizadas a título individual polos membros Xunta Directiva e o compromiso moral da directiva afecta a Romaría respecto da organización do resto de actividades, como por exemplo as actuacións musicais. De feito, é por iso polo que no resume de actividades non se mencionan as degustacións.

Oliveira pregunta:

Se hai déficit na organización das degustacións, as perdas caen na asociación?

Gerardo contesta que é imposible que dean perdas porque as actividades non son caras.

## 2.3 Resume de obras

Gerardo Pérez le o resume de obras:

- Chegouse a un acordo co Concello e con Fenosa para poñer no parque da asociación 6 puntos de luz de maneira gratuíta.
- Podáronse os carballos cun coche cesta mandado polo Concello e os plataneiros.
- Púxose a antena de televisión, que estaba rota.
- Colocouse no salón a tarima flotante. Faise un agradecemento explícito á colaboración prestada pola Carpintería González e González, que deron facilidades no pagamento e fixeron prezo especial sen levar eles ningún beneficio.
- Levouse a cabo a limpeza do parque coa colaboración do Concello. Faise tamén un agradecemento explícito a Níco polo seu traballo.
- Limpáronse as canaletas e reparáronse as goteiras do tellado.

Gerardo apunta que dende 2005 non se percibiron aínda as subvencións tanto da Deputación coma do Concello, o que non permitiu levar a cabo máis obras.

## 2.4 RESUME DE ADQUISICIÓNS

Gerardo Pérez le o resume de adquisicións:

- Mercáronse 6 camisolas para o equipo de chave.
- Mercouse un taboleiro para o mural que se está a facer no escenario do salón.
- Mercáronse 12 taboleiros e 24 cabaletes para mesas.
- Recibimos a doazón de libros por parte da familia Del Pino Palomero, que veu traelos dende Asturias. Morreron os pais e os fillos coñecedores do Pote a través do seu vínculo co presidente decidiron doalos. O lote consta fundamentalmente de libros técnicos e tamén de lectura. Faustino recorda que hai que facer máis uso da biblioteca.

### 3. ESTADO DE CONTAS

O tesoureiro Faustino Ramos le o estado de contas (VER ANEXO "BALANCE ECONÓMICO 2006").

Faustino comenta que tamén se adquiriu un deshumidificador-calefactor, pero que non entra no resumo de adquisicións porque se empezou a pagar en xaneiro.

Respecto das subvencións, comenta que se sabe extraoficialmente que se van conceder 5 convenios da Deputación, a 630 euros cada un, pero non se poderán cobrar ata que estean concedidos de maneira oficial. Do Concello non se recibiu ningunha subvención: o que se informou é que se

van dar axudas polas escolas e por cultura, pero que se descoñecen aínda os prazos e as contías. Tamén darán pola Romaría do Pote e polo trofeo de chave.

Polo Festival de Panxoliñas, que lle tocou organizar este ano á nosa asociación, percibiranse tamén 410 euros, pero descoñécese cando, así como 120 euros pola cabalgada de reis, que tamén están pendentes de cobro.

Polo tanto, aínda que lles correspondería entrar no estado de contas, todos estes datos non aparecen polo feito de non estar cobrados aínda. O orzamento do 2007 só se pode dicir que é, estimativo, porque depende en grande medida de cando se vaian percibir as subvencións. Os únicos ingresos fixos son os do alugueiro do ambigú e as cotas dos socios, e polo tanto son a referencia que se tomará para elaboralo, á espera de poder concretalo con exactitude en función de como vaian cristalizando os ingresos das subvencións.

Respecto do pagamento da tarima, foi a crédito. Pagáronse 1300 euros e quedan pendentes 880. Acabouse de pagar tamén o moble da Tv.

O préstamo queda en 1190,69 euros. Non rematou pagarse debido a que xurdiu a obra da tarima. Foi un préstamo de 2.500.000 pesetas que se asinou no ano 2003 a pagar en 10 anos. O ano pasado abonouse a cota que se debía pagar máis 7000 euros a maiores, o que permite que este ano se poida levar con máis calma o pagamento da cantidade que aínda queda.

O socio Ángel Oliveira pregunta:

As matrículas que pagan os alumnos das escolas onde aparecen reflectidas no balance?

Faustino responde de que no campo "actividades".

O socio Ángel Oliveira comenta:

Os socios teñen que pagar unha matrícula por cada escola na que participan. Se un socio quere vir a varias escolas, a cantidade a pagar polas distintas matrículas elevase moito e, de feito, hai xente que non se matricula en varias precisamente por ese motivo. Por outro lado, tamén comenta que as escolas están subvencionadas e polo tanto poden participar non socios, pero considera pouco xusta a diferenza entre o que pagan os socios e os non socios porque é rnoi escasa.

Gerardo di que nunca se sabe exactamente que escolas vai subvencionar o concello e admite que, a pesar de que as escolas requiren un mantemento, este sistema pode ser abusivo e que se estudará unha solución. Comenta tamén que o que se cobra de cada escola está en función do que cobra o profesor.

O socio Xiao Couto está de acordo en que non é xusto ese desfase cos socios respecto dos non socios e que hai que facer un estudo deses prezos.

Gerardo comenta que, con todo, hai poucos non socios que veñan.

Oliveira comenta que se se pon unha diferenza maior, se cadra iso serve para captar socios novos.

O socio Eladio Trillo pregunta por que houbo tan pouca diferenza entre os ingresos e os beneficios.

Gerardo responde que este ano custou moito que houbera beneficio, sobre todo pola ausencia de pagamento das subvencións.

O socio Juan Iglesias pregunta a que se debe que non se pagasen aínda as subvencións.

Gerardo responde que, segundo iodoo 05 partidos, as subvencións relativas ao concello estanse atrasando debido ao labor da secretaria e isto non está afectando só a esta asociación senón a todas. De feito, para o 2007 haberá que xustificar todo: ive, monitores titulados, facturas..

O socio Juan Iglesias pregunta se só en Fene ocorre iso.

Gerardo contesta que non, que o a secretaria esixe esta dentro da lei.

O socio Xiao Couto louva a xestión económica. Faustino e Gerardo comentan que un dos aspectos fundamentais é que se conta con moi bos colaboradores: Comasa, Marvi, a imprenta, socios que axudan...

O socio Ángel Oliveira felicita á directiva polo labor feito en caso de que marchen.

## 4.ELECCIÓN DE NOVA XUNTA DIRECTIVA

Chegado a este punto, a xunta directiva demite e, non habendo ningunha persoa ou persoas que opten á mesma, vólvese elixir a mesma.

Gerardo anuncia o ingreso na xunta directiva do socio Darío Iglesias Feal e fai mención á pouca xente da que actualmente está formada a directiva, que fan falla cando menos 2 ou 3 persoas máis. Francesco

Laghezza e Mari Cobas continúan, pero o seu estado de saúde impídelles participar con normalidade nas actividades. José Saavedra seguramente continuará como colaborador, pero fóra da directiva. Gerardo insiste en que este será definitivamente o seu último ano e que é importante que entre xente nova e que entende que o seu ciclo xa está completo.

O socio Juan Iglesias comenta que Gerardo non pode marchar porque é necesario para a xente nova que entre, para que se adapten mellor e coñezan mellor o funcionamento da directiva.

Faustino recorda que o ideal é que a xente nova vaia entrando na directiva aos poucos mellor ca que veñan todos novos.

O socio Ángel Oliveira di que non pode ser que Gerardo faga tantas cousas e que, por exemplo, teña que se el responsable de vir ás catro para abrir a porta.

Decídese pospoñer este tema para Rogos e Preguntas.

## 5. ROGOS E PREGUNTAS

O socio José Doce comenta que todo está ben e que é unha satisfacción ver á directiva aquí.

O socio Ángel Oliveira comenta que non se cumpre o horario do ambigú. Se ela non pode abrir, que delegue en alguén. Ás veces ten que vir abrir Gerardo á xente das escolas. Se hai un horario hai que respectalo e respectar ao socio.

Gerardo contesta que os directivos tamén teñen algo de culpa, porque a Mari naceulle unha neta e a filla traballa, así que se lle deu permiso para que veña os mércores e os venres ás 5 en vez de ás 4 e é un membro da xunta directiva o que vén abrir eses días.

O socio Ángel Oliveira comenta que algunha xente se toma determinadas atribucións á hora de dicir aos socios o que teñen que facer. Retírese a que un socio entrou no baño, que estaba mollado, e chamoulle a atención ao día seguinte porque deixou as pisadas.

O socio Ángel Oliveira comenta que unha parella de mulleres se metía no servizo xuntas. Haberá que ver que se fai con iso.

Con isto, dáse por concluída esta xunta xeral ordinaria ás 14:05 horas sen novidades dignas de resaltar e con total normalidade.

Ten o visto e prace do presidente e o secretario